

Coñece ao noso equipo: EMMA IGLESIAS, Coordinadora do grupo de referencia competitiva C+D

Emma M. Iglesias é Profesora Titular na Universidade da Coruña (UDC), e desde o ano 2012 está acreditada para poder acceder a unha praza de Catedrática de Universidade.

Tras licenciararse en Ciencias Económicas e Empresariais pola UDC (1997, Premio Extraordinario), realizou un MSc in Economics and Econometrics na University of Exeter (1999, Jonathan Young Award), e posteriormente obtivo un PhD in Economics pola Cardiff University en 2002, cunha bolsa da Fundación Caixa Galicia e o Economic and Social Research Council (ESRC). Antes de tomar posesión como Profesora Titular na UDC, traballou durante doce anos nos Departamentos de Economía da University of Exeter, Cardiff University, Universidad de Alicante, Michigan State University e a University of Essex coma Teaching Assistant, ESRC-Post-doctoral Research Fellow, Assistant Professor e Reader in Economics. Actualmente é membro do panel de expertos da ESRC, da European Comission e do Danish Council for Independent Research - Social Science.

Conta cunha ampla experiencia profesional en temas de Econometría teórica e aplicada, sendo co-autora de máis de 50 publicacións, entre as que destacan 35 artigos publicados en revistas indexadas no Journal Citation Report (JCR). Ademais, ten presentados numerosos artigos en congresos e seminarios por invitación en Universidades coma Harvard/MIT e institucións financeiras como a Federal Reserve Bank of St. Louis. É Associate Editor de Applied Economics e Applied Economics Letters e membro do Editorial Board de Applied Econometrics and International Development.




Cristina Calvo Porral, investigadora de ECOBAS, galardoada cun premio Emerald

O seu artigo *Private Labels: the role of manufacturer identification, brand Loyalty and image on purchase*, do cal é co-autora, recibiu a mención *Highly Commended Paper 2016* outorgada polo grupo Emerald, dentro da revista *British Food Journal*.



A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolve a concesión das axudas ós centros singulares e agrupacións estratégicas consolidadas do sistema universitario de Galicia

Das sete axudas concedidas en toda a comunidade galega, 3 veñen parar á Universidade de Vigo, sendo dúas na modalidade de Centro Singular e unha na de Agrupación Estratégica Consolidada.



Carlos Gradín, investigador do grupo ECOSOT, trasládase ó UNU-WIDER de Helsinki

Incorporarase a este centro pertencente á Universidade das Nacións Unidas durante polo menos un ano para aportar o seu coñecemento e experiencia a proxectos sobre desigualdades en grupos de poboación.



O investigador Gustavo Bergantiños, novo membro do Comité Científico-Executivo de ECOBAS

Bergantiños, Catedrático da Universidade de Vigo e pertencente ó Departamento de Estatística e Investigación Operativa e ó grupo de investigación ECOSOT, é o encargado de substituír a Carlos Gradín.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

MECD- Axudas FPU

- Obxectivo: contratación de investigadores predoutorais.
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 3 de febreiro.

MECD- Axudas á mobilidade "Salvador de Madariaga"

- Obxectivo: financiar estadias de profesores e investigadores sénior.
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 3 de febreiro.

MECD- Axudas á movilidade "José Castillejo"

- Obxectivo: financiar estadias de investigadores posdoutorais novos.
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 3 de febreiro.

La Caixa- Axudas predoutorais

- Obxectivo: contratacion de investigadores predoutorais.
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 28 de febreiro.

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Comisión Europea- INTERREG-SUDEOE

- Obxectivo: apoiar o desenvolvo rexional no Sudoeste europeo
- Prazo de presentación de solicitudes: do 13 ó 31 de marzo

EVENTOS DE INTERESE:

6-8 de Xuño: *I Congreso de Historia do Turismo* (Poio, Pontevedra)

4-6 de Xullo: *XXII Workshop on Dynamic Macroeconomics* (Soutomaior, Pontevedra)